

Nome _____ Data _____

1 Le o texto cunha pronuncia e cun ritmo axeitados.

Como se monta unha iurta?


Parabéns! Acaba de adquirir un cuarto transportable de máxima calidade. Baseada nas construcións tradicionais dos pobos nómades mongois, a iurta é apropiada sobre todo para climas extremos.



INSTRUCCIÓNS DE MONTAXE

En primeiro lugar, aplane e nivele o terreo. Despois, alce as paredes. Para facelo, coloque as *khana* (ou armazón de listóns de madeira) formando un círculo. Deixe un espazo para a porta, que terá que suxeitar ás *khana* coas cordas finas.

A continuación, prepare o teito. Colla a coroa central de madeira con orificios arredor. Terá que a colocar no chan para incorporarlle dous listóns que servirán de piares. Suxéiteos á coroa coas cordas planas.



Unha vez fixados os piares ben, alce o teito da iurta. Comece despois o traballo de inserir listóns nos orificios da coroa central e apóieos ás paredes ou *khana*, e posteriormente asegúreos coas cordas finas.



Despois de colocar todos os listóns, forre o teito coa tea de algodón, coa capa de feltro de la e coa impermeable. Despois, repita a operación cubrindo as paredes.

Finalmente, asegure a estrutura coas tres cordas de nailon, que terá que fixar aos extremos da porta e que arrodean toda a iurta.



MONTAR UNHA IURTA É ASÍ DE FÁCIL!

2 Contesta.

- Onde poderías atopar este texto?

- Quen puido escribir o texto?

- A quen vai dirixido o texto?

- Por que cres que as instrucións están acompañadas de tantos debuxos?

3 Marca as calidades que se destacarían para facer publicidade deste produto.

- flotante sinxela resistente modelable

- ▶ De que clase gramatical son as palabras que marcaches?

- ▶ Transforma en substantivos as palabras marcadas.

4 Falta incluír no texto as pezas e o material con que se fai a iurta. Fai esa relación.

Inclúense:

_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

5 En que continente se utilizou este tipo de construción? Márcao.

- América Asia Europa Oceanía África

- ▶ Contesta.

- Como cres que será o clima neste lugar do mundo durante o inverno e durante o verán?

- Poderá a iurta resistir estas condicións? Como o sabes?



6 Cres que a iurta da lectura é exactamente igual ca a que se usaba tradicionalmente? Di a palabra que cho sinala e explica brevemente que indica esta palabra.

A palabra é _____

Esta palabra indica que... _____

7 Forma catro parellas de palabras unindo cada un destes verbos da lectura co sinónimo correspondente. Se é preciso, consulta o dicionario.

Verbos da lectura: nivelar colocar asegurar cubrir

Verbos sinónimos: suxeitar revestir igualar dispoñer




• _____ e _____

• _____ e _____

• _____ e _____

• _____ e _____

8 Que paso non se seguiu correctamente en cada caso? Observa os debuxos e explica empregando algúns dos verbos presentes na actividade anterior.



A. _____

B. _____

C. _____

D. _____

9 Completa as seguintes palabras con *i* ou con *ll*.

apo___ar fa___ado traba___o xo___a ensa___o
 toa___a meda___a pare___a espe___o apare___o
 abra___ante ma___or verme___o seme___ar pra___a

► Escribe dúas oracións en que utilices, como mínimo, catro das palabras anteriores.

- _____
- _____

10 Inventa oracións sobre os elementos que se mencionan usando os verbos *ser*, *estar*, *semellar* ou *parecer* e un adxectivo adecuado.

UN EQUIPO IMPRESCINDIBLE!

Tenda de campaña	Cociña portátil
Saco de durmir	Cadeira pregable
Colchón enrolable	Lanterna
Mochila	Cubertos e pratos de plástico

- _____
- _____
- _____
- _____
- _____

11 Opcionalmente, o teito do interior da iurta pódese cubrir con táboas de madeira. Escribe as instrucións para colocalos aí.

Observa os materiais con que se fai a iurta.

MATERIAL ENCAIXABLE!

Táboas de madeira
 Metro articulado
 Bote de cola
 Pintura

Nome _____ Data _____

1 Le o texto cunha pronuncia, cunha entoación e cun ritmo axeitados.**O son do didjeridú**

O *didjeridú* é un instrumento musical que fan soar os aborixes australianos desde hai milleiros de anos. Utilízanos nas festas, para acompañar un cantante ou un bailarín.

A maneira de fabricalo é moi curiosa. Cómpre unha póla dunha árbore e unha manchea de térmites famentos.

Os térmites son uns insectos que se alimentan de madeira.

Primeiro, córtase a póla da árbore, que adoita ser un eucalipto. Despois, entérrase para que os térmites coman o interior da póla.

Cando se desenterra, a póla xa quedou baleira por dentro. Desta maneira, obtense un bastón longo e oco con forma de trompa. En último lugar, adórnase con debuxos.

O *didjeridú* ten dous orificios: un pequeno polo que se sopra e outro grande, polo que saen o aire e o son.



Facelo soar non é nada doado. O *didjeridú* agárrase coas dúas mans e conséguese facelo soar apertando moito os beizos e bufando moi forte. Daquela, os beizos vibran e prodúcense os sons.

Se o bastón é curto, os sons son agudos e se é longo, son máis graves.

As persoas que o tocan adoitan ser mozos, porque cómpre expulsar o aire con moita forza.

Ata hai pouco tempo, este instrumento case non se coñecía fóra de Australia.

2 De que trata a lectura? Explica cal é o tema do texto.

3 Indica se estas afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F).

O *didjeridú* é un instrumento moi popular fóra do territorio australiano.

É habitual ver persoas vellas tocando o *didjeridú*.

É un instrumento milenario.

Para facelo soar, sóprase polo extremo máis amplo.

A lonxitude do bastón repercute no tipo de son que produce.


Nas festas dos aborixes báilase ao ritmo da música.

4 Converte en verdadeiras as afirmacións anteriores que sexan falsas.

- _____
- _____
- _____

5 Observa este esquema e complétao coa información do texto.

Tes que atopar as tres ideas principais de que trata.



6 Ordena os pasos para fabricar un *didjeridú*. Despois, explicaos coas túas palabras.



7 Observa as ilustracións da lectura e contesta.

- Fíxate na imaxe que hai na parte superior dereita da páxina 14. Que paso falta para acabar de fabricar o *didjeridú*?

- Fíxate agora na imaxe máis grande da lectura. Que atopas de diferente no músico do debuxo respecto da información que se achega no texto sobre a maneira de tocar o *didjeridú*?

- Presta atención á imaxe seguinte. Haberá diferenza entre o son destes *didjeridús*? Por que?



8 En que grupo de instrumentos clasificarías o *didjeridú*? Marca e explica por que.







9 Que significa a palabra *aborixe*? Marca a opción correcta. Se che còmpre, consulta o dicionario.

- Grupo étnico que vive á marxe da sociedade.
- Que ten unha orixe descoñecida.
- Habitante orixinario ou primeiro dun territorio.

10 Arrodea a palabra primitiva da que derivan as outras.

orixinal orixe orixinar orixinario orixinalidade

- Escolle dúas das palabras derivadas anteriores e escribe unha oración con cada unha que teña relación co tema da lectura.

- _____
- _____

11 Busca na lectura un sinónimo para cada palabra. Se che còmpre, consulta o dicionario.

- buratos: _____ peculiar: _____
- cerimonias: _____ decórase: _____
- sinxelo: _____ esfameados: _____

12 Este instrumento chámase *trompa alpina*. Observa e contesta.

- En que se asemella ao *didjeridú*?

- En que son diferentes?



13 Completa os enunciados con formas adecuadas do demostrativo.



_____ instrumento é moi grande.

_____ é máis pequeno.

14 Completa as oracións con estes demostrativos.

aquelas
aqueles
esta
este

- _____ director dirixe unha orquestra formada por moitos músicos.
- _____ guitarra soa moi mal porque está desafinada.
- _____ pratos teñen un son metálico.
- _____ castañolas son de madeira de nogueira.

► En que te fixaches para saber que demostrativo é o adecuado en cada caso?

15 Como se toca o violín? Observa o debuxo e escribe as instrucións necesarias.

Colocación: _____

Maneira de tocalo: _____



Nome _____ Data _____

1 Le o texto cunha pronuncia, cunha entoación e cun ritmo axeitados.**Os poderes de Matilda**

Matilda era a única nena que quedara na aula. A señorita Honey alzou a vista dos papeis que estaba a follear e preguntoulle:

–Matilda, non vas cos demais?

–Por favor, podería falar con vostede un momento? –contestoulle Matilda.

–Claro que podes! Que che pasa?

–Sucedeume algo moi raro, señorita Honey. Vostede viu que o vaso de auga caeu sobre a directora Trunchbull, non si? Señorita Honey... eu non lle toquei! Nin sequer me arrimei a el.

–Xa o sei que non o fixeches –dixo a señorita Honey–. É imposible que foses ti. Ben oíches que lle dixen á directora que era imposible que foses ti.

–Pero é que fun eu, señorita Honey. Diso é do que lle quería falar.

A mestra quedou en silencio e mirou atentamente a nena.

–Paréceme que non te comprendo –díxolle de alí a un pouco.

–Anoixeime tanto por me acusar de algo co que non tiña nada que ver, que fixen que virase o vaso.

«É extraordinario con que frecuencia os nenos teñen ideas fantásticas coma esta», pensou a señorita Honey e decidiu poñer fin ao asunto do xeito máis amable posible.

–E serías quen de facelo de novo? –preguntoulle.

–Non o sei –contestou Matilda–, pero creo que sería capaz.

A mestra colocou o vaso baleiro no centro da mesa.

Matilda pronunciou mentalmente «Vírate, vaso! Vírate!» e notou a acumulación de electricidade. A forza comezaba a se manifestar e empezaba a sentir unha calor intensa nos globos oculares. Viuno cambalear, despois ladearse e, por último, caer tintinando sobre a mesa.

A señorita Honey non dixo palabra. Non podía. A impresión deixara sen fala a mestra. Miraba abraiada para o vaso, pero de lonxe, coma se fose un obxecto perigoso.

–Non é posible! Non o podo crer! –exclamou coa voz entrecortada.

–Non lle contará a ninguén o que... o que fixen, non, señorita Honey?

–Nin se me ocorrería –calmouna a profesora.



ROALD DAHL, *Matilda* (adaptación) Ed. Alfaguara-Obradoiro

2 Que tipo de texto acabas de ler? Marca a opción correcta e xustifica a resposta.

- Un relato realista. Un relato fantástico. Un relato humorístico.
-

3 Numera os enunciados para ordenar os feitos da historia.

- Matilda ten que demostrar que é capaz de repetilo.
 A nena explícalle á mestra o que lle ocorreu.
 A señorita Honey cre que Matilda é moi fantasiosa.
 Matilda concéntrase e move un vaso coa mente.
 Á mestra impresiánaa moito o que fai a nena.
 Matilda espera para quedar soa coa mestra.



4 Contesta.

- Que feito desencadea que a Matilda lle pase este episodio?

- Cres que Matilda fixera algunha cousa así anteriormente? Por que?

- Por que cres que a señorita Honey lle ofrece a Matilda a posibilidade de facer que o vaso vire?

5 O autor emprega unha palabra onomatopeica que reproduce o son do vaso cando cae. Atópaa cara ao final da lectura e completa.

A palabra onomatopeica do texto é _____ e o son que reproduce é _____

6 Cales destoutas palabras reproducen sons? Arrodeaaas.

murmurio pío campaiña musical chapuzar berrón soar

► Observa o debuxo e describe a escena. Usa algunha das palabras que arrodeaches.



7 Coñeces outras palabras que se formasen a partir dun son ou dunha onomatopea? Escribe polo menos catro e indica o son que representan.

8 Subliña nestes extractos da lectura as palabras con prefixo.

É extraordinario con que frecuencia os nenos teñen ideas fantásticas coma esta.

–Non é posible! Non o podo crer! –exclamou coa voz entrecortada.

–Xa o sei –dixo a señorita Honey–. É imposible que foses ti.

► Usa os prefixos anteriores para formar unha palabra a partir destas.

abrir: _____

prescindible: _____

escolar: _____

tempo: _____

oficial: _____

oportuno: _____

9 Contesta.

• Que outros prefixos coñeces? Escribe polo menos tres.

• Que significado achegan os prefixos que indicaches?

10 Busca unha oración do texto con comiñas e cópiaa.

► Contesta. Por que se utilizan comiñas neste caso?

11 Relaciona as oracións. Despois, cópiaas utilizando as comiñas e os dous puntos.

A directora Trunchbull preguntou

•

• Espero aprender a dominalo.

Matilda pensou

•

• Fuches ti, Matilda?

Os compañeiros exclamaron

•

• Foi impresionante!

12 Imaxina que Matilda che quere ensinar a usar os seus poderes; ¿como debería indicarche o que tes que facer e o que tes que sentir? Explica.

Primeiro, _____

Despois, _____

Por último, _____

13 Busca cara ao final do texto as seguintes formas verbais.

• 1.^a persoa do singular do perfecto de indicativo do verbo *facer*. _____

• 2.^a persoa do singular do imperfecto de subxuntivo do verbo *ser*. _____

• 3.^a persoa do singular do pluscuamperfecto do verbo *deixar*. _____

• 3.^a persoa do singular do condicional do verbo *ocorrer*. _____

14 Analiza estas formas verbais seguindo o modelo da actividade anterior.

podería

podes

toquei

virase

15 Define os seguintes verbos. Ten en conta que, para poder facelo, terás que usar outros infinitivos. Podes consultar o dicionario, se o precisas.

Suceder: _____

Virar: _____

Acusar: _____

16 Gustaríache ter algún superpoder? Imaxina como serías se tiveses unha calidade coma a de Matilda e conta para que a utilizarías.

Se eu tivese _____

Nome _____ Data _____


1 Le con detemento e prestando atención ás partes do gráfico.

Moverse pola cidade

Moverse pola cidade en transporte público é a mellor maneira de colaborar na protección do medio ambiente, xa que usar estes transportes evita a contaminación atmosférica que provocaría a circulación de centenas de coches. Ademais, en comparación polo gasto en combustible, o transporte público pode resultar económico.

Nalgunhas cidades, unha das maneiras máis rápidas de desprazarse é o metro. Se queres empregar este medio de transporte, é fundamental que aprendas a interpretar un plano.

Como farías para moverte por esta cidade ficticia?



2 Completa o plano pintando as liñas do metro e os círculos correspondentes coas cores que marca o código.

Liña 1: amarelo

Liña 2: rosa

Liña 3: verde

Liña 4: azul

3 Observa o plano e contesta.

- Por que cres que as liñas teñen cores, ademais de números?

- Con que outros medios de transporte conecta o metro desta cidade?

4 Une cada palabra co seu significado. Se é preciso, consulta o dicionario.

plataforma

Cambio de liña.

transbordo

Conexión entre dúas liñas.

vía

Sala de acceso ao metro e de compra de billetes.

vestíbulo

Lugar onde se espera a chegada do metro.

correspondencia

Lugar por onde circula o metro.

5 Le e ordena os pasos que hai que seguir para utilizar o plano.

- En último lugar, tamén debemos ter en conta a dirección cara a onde imos: cara ao final ou cara ao comezo da liña.
- A continuación, temos que localizar a estación á que queremos chegar.
- Despois, debemos fixarnos que na liña que conecta as dúas estacións.
- Primeiro, temos que buscar no plano a estación onde comezamos o percorrido.

6 Observa o plano e contesta.

- Que pode facer o condutor dun coche para evitar entrar no centro da cidade co vehículo?
Escribe en que estación pode utilizar este servizo.

- Que servizo ofrece o metro para axudar os pasaxeiros en caso de dúbidas ou problemas?
En que estacións está este servizo?

7 Le e explica por que se deron estas situacións.



Comecei o percorrido nunha estación e cheguei ao mesmo punto sen baixar do vagón. Como pode ser?

Estaba na estación de Encoro e quería chegar á de Lago. Collín a liña 2 pero non dei chegado ao meu destino. Como pode ser?



8 Escribe a ruta máis rápida para facer estes percorridos.

De Pardal a Océano

De Tulipán ao aeroporto

9 Observa os sinais e escribe debaixo de cada un en que lugar do metro se poden atopar.

A



B



C



► Escribe agora o significado.

A. _____

B. _____

C. _____

10 Le as mensaxes que se oen por megafonía e subliña as que sexan oracións.

- Próxima estación, Xullo, correspondencia coa liña 2.
- Por motivos técnicos, o servizo queda suspendido.
- Tren con dirección a Abril.
- Este tren non admite pasaxeiros.

11 Relaciona os suxeitos e os predicados para formar oracións.

- | | | |
|---------------------|---|--|
| O metro e o autobús | • | adoita estar cheo a estas horas. |
| Ánxela e ti | • | chegarás tarde ao teatro se vas en coche. |
| Eu | • | son transportes colectivos. |
| O metro | • | sempre collo o autobús das nove. |
| Ti | • | tedes que facer transbordo na seguinte estación. |

12 O termo *protección* aparece ao comezo da lectura. Observa a palabra que pertence á mesma familia e fíxate no exemplo para formar as seguintes.

- | | | | | | |
|------------------|---|-------------------|------------------|---|------------------|
| <i>protector</i> | ▶ | <i>protección</i> | <i>conductor</i> | ▶ | <i>condución</i> |
| inspector | ▶ | _____ | tradutor | ▶ | _____ |
| director | ▶ | _____ | destrutor | ▶ | _____ |

13 Completa o texto escribindo as letras que faltan.

A ele____ión do medio de transporte que utilizamos é moi importante. Hoxe en día sabemos que os fumes contaminantes dos carburantes están detrás da produ____ión de moitas rea____ións alérxicas nas persoas e tamén de complica____ións nas vías respiratorias.

14 Que motivos se ofrecen na lectura para recomendar o uso do transporte público? Escribeos.

1. _____
2. _____
3. _____

15 Inventa un anuncio breve para que as persoas se animen a utilizar o transporte público. Non esquezas incluír un slogan.

Nome _____ Data _____

1 Le o texto cunha pronuncia, cunha entoación e cun ritmo axeitados.

Reflexións dun náufrago

Comecei a reflexionar sobre as circunstancias en que me atopaba e decidín redactar o estado dos meus asuntos. Estaba tan abatido que, para tranquilizarme, probei a facer unha comparación escrita entre as cousas boas e as malas da miña situación.

Así o fixen:

COUSAS MALAS

Estou desterrado nunha illa horrible e desolada, sen ningunha esperanza de saír dela.

Estou apartado e separado de todo o mundo.

Estou desacougado, abandonado pola humanidade, no illamento máis completo.

Case non teño roupa coa que taparme.

Estou sen ningunha defensa nin medios para resistir calquera ataque de home ou de animal.

Non hai ninguén con quen poida conversar nin que me console.

COUSAS BOAS

Estou vivo, non coma o resto da tripulación.

Da mesma maneira que cheguei aquí, poida que atope maneira de saír.

Non morro de fame nin estou nun lugar sen recursos. A illa ten unha vexetación exuberante.

Atópome nun clima cálido no que, se tivese roupa, seríame imposible levala.

Atópome nunha illa onde non vexo besta salvaxe que me poida atacar, como ocorrería en África.

Conseguín coller do barco todo o que necesito para subsistir durante toda a miña vida.



O meu escrito fíxome ver que a miña situación tiña unha parte negativa e outra positiva que tiña que recoñecer e agradecer.

Despois de animar un pouco o meu corazón con esta visión optimista, deixei todo isto á parte e comecei a planear o meu propio sistema de vida.

Deste xeito, conseguiría que as cousas fosen máis doadas para min.

DANIEL DEFOE, *Robinson Crusoe* (adaptación)
Editorial Salvat

2 Que tipo de texto liches? Marca a opción correcta.

- Unha exposición de como é a vida das persoas que naufragan.
- Un diario dun personaxe que sobrevive a un naufraxio.
- Unhas instrucións para utilizar en caso de sufrir un naufraxio.

3 Relaciona cada palabra co seu significado. Se é preciso, consulta o dicionario.

- | | | |
|-------------|---|--|
| exuberante | • | • Abandonado, deserto, deshabitado. |
| desacougado | • | • Apartado do seu país e da súa xente. |
| desolado | • | • Moi abundante ou desenvolvido. |
| desterrado | • | • Inquieto, nervioso, sen tranquilidade. |

4 Contesta.

- Que consecuencias tivo o naufraxio para a tripulación do barco?

- O barco afundi inmediatamente despois do naufraxio? Como o sabes?

- Por que escribe o náufrago a lista de cousas malas e boas?

- Que efecto lle produce facer esta reflexión? Por que?

5 Observa o lugar onde se desenvolve a historia e atopa nel tres erros en relación cos datos da lectura. Explica cada erro achegando unha oración do texto que o demostre.



- _____
- _____
- _____

6 Marca o final correcto de cada oración e completa as explicacións.

- O náufrago cre que...

algún habitante da illa o axudará.

ninguén o vai poder axudar.

Porque _____

- O náufrago calcula que...

na illa non atopará alimentos.

poderá atopar comida.

Porque _____

- O náufrago sente que...

descansar lle fará recobrar forzas.

a actividade o manterá optimista.

Porque _____

7 Forma catro parellas de palabras unindo cada un destes adxectivos da lectura co antónimo correspondente. Se é preciso, consulta o dicionario.

Adxectivos da lectura: abatido doado exuberante optimista

Adxectivos antónimos: escaso pesimista animado difícil

- _____ e _____
- _____ e _____
- _____ e _____
- _____ e _____

8 Indica de que tipo é cada substantivo: individual ou colectivo, común ou propio.

humanidade: _____

Robinson: _____

illa: _____

tripulación: _____

9 Escribe palabras que sexan da mesma familia ca *vivir* e que teñan estes prefixos. Se o necesitas, consulta o dicionario.

sobre-

mal-


super-

con-

► Utiliza as palabras que formaches para completar estas oracións.

- Aquilo que máis estrañaría sería poder _____ con outras persoas.
- Era o único _____; nin sequera o seu can se salvara.
- Non hai dúbida que era mellor _____ ca acabar no fondo do mar.
- Para poder _____, necesitaba atopar auga doce.

10 Volve escribir o texto do globo engadindo estes signos de puntuación onde corresponda.



Querido diario

Que vou facer cando acabe a tinta Botarei en falta moito esta maneira de pensar de relaxarme e animarme
 Cada día dígame Ánimo Sei que teño que ser valente e non me afundir non obstante ás veces non podoo máis e véñome abaixo



11 Completa as oracións con dúas enumeracións que teñan polo menos catro elementos cada unha. Presta atención aos signos de puntuación.

- Aquela mañá o náufrago atopou moita comida: _____

- Pola noite oíanse sons variados: _____

12 Imaxina que a túa familia ten que se mudar a vivir a outra cidade. Avalía os aspectos positivos e os negativos do cambio de vida, tal como o fai o náufrago da lectura.

COUSAS MALAS

COUSAS BOAS

Nome _____ Data _____

1 Le o texto cunha pronuncia, cunha entoación e cun ritmo axeitados.**Natureza sorprendente**

Alguns animais teñen capacidades que parecen máxicas: xeran luz, cambian de cor para se confundiren entre as rochas ou as plantas, desenvolven tecidos para se camuflaren entre as algas... Son realmente sorprendentes.

Un destes animais é o cabaliño de mar ou hipocampo, que cambia de cor segundo o hábitat ou a situación en que se atopa.

Esta característica dificulta o traballo dos científicos á hora de cuantificar as especies, porque un mesmo individuo pode presentarse en diferentes lugares cun aspecto distinto.

Todo o que arrodea o cabaliño de mar é extraordinario. Ten o corpo aplanado lateralmente e o esqueleto está formado por placas óseas cubertas dunha pel moi fina.

A forma da cabeza fai lembrar a dun cabalo; o peitoral que sobresa, o dunha pomba; o rabo, co cal se suxeita ás plantas, é prénsil, coma o dalgúns monos. Tamén ten semellanzas co camaleón, porque cambia de cor e porque cada ollo se move de maneira independente.

O cabaliño de mar, ademais, ten unha forma peculiar de nadar: faino en posición vertical.

A aleta dorsal situada nas costas e as peitorais, que son semellantes a unhas orellas, permiten que se desprace. Pero son tan pequenos que se moven pouquiño e pouco.

Esta dificultade para nadar explica que pase horas e horas agarrado a algas e plantas.

De feito, non caza, senón que espera a que o plancto e as gambas diminutas de que se alimenta lle pasen por diante para succionalas co fociño.

Pero, o dato máis sorprendente deste peixe é que o macho é quen dá a luz as crías. A femia deposita os ovos nunha bolsa de incubación que ten o macho na zona abdominal e aqueles desenvólvense alí dentro.

Todas estas curiosidades fixeron que, na antigüidade, fose considerado un animal máxico, por iso a súa imaxe está presente nos mitos gregos e romanos.



2 Marca a opción que resume mellor o contido da lectura.


- Na natureza atopamos animais moi curiosos.
- O cabaliño de mar é un exemplo da biodiversidade do planeta.
- O cabaliño de mar: características e curiosidades.

3 Completa esta ficha sobre o cabaliño de mar a partir da información do texto.

Nome	
Vertebrado ou invertebrado	
Tipo de animal: anfibio, mamífero, réptil...	
Cobertura do corpo	
Aletas e características	
Alimentación: carnívoro, herbívoro ou omnívoro	
Reproducción: vivíparo ou ovíparo	


4 Completa o diagrama do cabaliño de mar con estas palabras.

rabo
aleta dorsal
aleta peitoral
bolsa de incubación
fociño




5 En que se semella o cabaliño de mar a estes animais? Explica brevemente.


(A)



(B)



(C)



A. _____

B. _____

C. _____

6 Imaxina que o cabaliño de mar fose descuberto agora. Inventa catro titulares de prensa, de tal xeito que cada un destaque un trazo curioso do animal.

Ten en conta que os titulares se escriben cunha linguaxe que atraia os lectores.

7 Consulta a web www.chocoderedondela.es/paneis-fotograficos e localiza a ficha sobre os cefalópodos. Elixe dous animais e indica algunha das súas características.

Nome do animal	Características

8 Observa e contesta.

- Con que parte do texto relacionarías esta imaxe? Explica.

- En que se diferencia da imaxe real dun cabaliño de mar?



9 A palabra *hipocampo* procede do grego: *hippo* ou *hippós* quere dicir ‘cabalo’ e *kampé* significa ‘curvatura’. Escribe outro nome de animal que teña tamén o prefixo *hipo-*.

► Atopa na lectura dúas palabras que teñan prefixos que acheguen estes significados.

Significado: ‘enriba de, por enriba de’

Prefixo: _____

Palabra: _____

Significado: ‘que é máis ca, que está fóra de’

Prefixo: _____

Palabra: _____

Nome _____ Data _____

1 Le o texto con atención.

Test de personalidade

Le atentamente o test deica o final antes de comezar a facelo. Despois, compléatoo nun tempo máximo dun minuto.

1. Escribe o teu nome. _____

2. Subliña a palabra que te define mellor: organizado, impulsivo.

3. Que opinas destas afirmacións?

Algún día viaxarás á selva amazónica.

Que ben que me hipnotizasen!

Eu iría á Lúa co astronauta Neil Armstrong.

4. Escribe o teu apelido ao revés. _____

5. Debuxa o teu retrato.



6. Xunta os dedos gordos das mans. Despois, móveas coma se fosen as ás dun paxaro.

7. Escribe tres calidades e tres aspectos que deberías mellorar da túa personalidade.

8. Que opinas das persoas extravertidas, seguras e espontáneas?

9. Calcula mentalmente a seguinte operación: $825 + 36 + 84 =$ _____

10. Avalía como cres que vas facendo o test.

Moi ben

Ben

Regular

Mellorable

Por que?

11. Responde unicamente a pregunta 1.

12. Volve ler a pregunta 2 e extrae as túas propias conclusións.

2 En que tipo de publicación poderías atopar este test? Marca a opción correcta e razoa a resposta.

- Unha revista científica. Unha revista literaria. Unha revista de pasatempos.

3 Contesta.

• Que finalidade cres que ten un test de personalidade?

• Pensas que os resultados son fiables? Por que?

4 Explica cal foi a túa experiencia cando completaches o test e que conclusións tiraches.

5 A palabra *test* é un préstamo tomado doutra lingua aceptado no galego. Que palabras da nosa lingua poderíamos usar tamén para referirnos a este tipo de textos?

Podes consultar o dicionario, se o necesitas.

6 Cales destas palabras son estranxeirismos? Arrodeáas.

parking

hobby

orella

castiñeiro

casting

► Escribe as palabras da nosa lingua que poderían substituír os estranxeirismos que arrodeaches.

_____:

_____:

_____:

7 Escribe en letra as cifras do apartado 9 do test. Non esquezas o resultado da operación.

• _____

• _____

• _____

• _____

8 Escribe o numeral ordinal que corresponde a cada unha das cifras que indican os apartados do test.

Exemplo: 1 → *primeiro*

9 Escribe as palabras que corresponden a estas definicións. Todas se refiren a trazos de personalidade e aparecen na lectura. Se é preciso, consulta o dicionario.

_____ : Que non dubida nin actúa con indecisión.

_____ : Que actúa de forma ordenada.

_____ : Que actúa de maneira irreflexiva.

_____ : Que ten un carácter aberto e se relaciona facilmente cos demais.

► Escribe os antónimos das palabras que escribiches.

10 Arrodea os adxectivos que hai nestas oracións e escribe catro palabras da mesma familia de cada un. Se o necesitas, podes utilizar o dicionario.

• Raúl é un rapaz moi riseiro e respectuoso.

• Clara é unha rapaza moi vergoñosa.

11 Localiza na lectura palabras que cumbran estas características.

Palabra polisílaba con ditongo

Palabra monosílaba con ditongo

Palabra grave con hiato

Palabra esdrúxula con hiato

► Explica por que se acentúan ou non se acentúan as palabras que escribiches.

- _____
- _____
- _____
- _____

12 Localiza na lectura as formas verbais do cadro e, despois, complétaa coa análise correspondente.

	Persoa	Número	Tempo	Modo	Conxugación
iría					
opinas					
viaxarás					
avalía					
hipnotizasen					

► Que forma verbal das anteriores cambiaría de tempo e persoa se levase acento? Analízaa.

13 Completa estas palabras con *b* ou con *v*.

__romas esti__o __e__eu con__erter __ellos
 sa__oroso __iñeron __iamos __e__eraxe a__oa

14 Completa o texto colocando todas as palabras con *b* ou con *v* da actividade anterior.

Esta fin de semana reunímonos toda a familia para xantar. Os curmáns de Ponferrada tamén _____. Desde o Nadal non nos _____! O xantar _____ moi _____. Que cocido familiar! Ah! Tampouco faltaron as _____ da tía Aldara. Nesta ocasión disfrazouse de meiga e ofrecía unha _____ máxica con que os cativos se podían _____ en maiores e os _____, en mozos. Cantos grolos _____ a _____. Xulia!

15 Imaxina que queres facer amigos novos e escribes a unha revista para formar parte dun club. Que lles contarías de ti?

Preséntate explicando cales son os trazos principais do teu carácter.

Conta que gustos e que afeccións tes.

Nome _____ Data _____

1 Le o texto cunha pronuncia, cunha entoación e cun ritmo axeitados.

Unha visita inesperada

(Óese o son do timbre dunha porta.)

LOLA: Quen é?

LUCÍA: Ola! Son eu, Lucía. Abra, por favor.

LOLA: Un momento. Estaba a piques de me deitar... *(Abre a porta.)*

LUCÍA: Mire o que me pasou! Estaba limpando e rompeu a preciosa ra de porcelana da tía Rita. A famosa ra! Non a quero nin ver.

(Lucía dálle os anacos de porcelana a Lola.)

LUCÍA: Oh, que sofá! Parece comodísimo! Podo tombarme un anaquiño? *(Senta nel.)*

LOLA: *(Mirando á veciña escandalizada.)* Lucía, que vai quedar durmida!

LUCÍA: *(Abre os ollos e bocexa.)* Que fai coa miña ra? Rompeuna! A miña famosa tía!

LOLA: Quen era famosa: a ra ou a tía? Pero, que di? Vostede acaba de darma... E agora estalles dando dentadas ás miñas galletas!

LUCÍA: *(Coa boca chea.)* Póñame unha cunquiña de chocolate moi quente. É o mínimo que pode facer despois de romper a ra.

LOLA: Pero iso é... iso é...

LUCÍA: Terá que me dar unha masaxe nos pés. É a única maneira de que me pase a dor de cabeza que me provocou. Ter veciñas para estas cousas!

LOLA: Aquí ten a súa ra e marche. Isto xa é demasiado!... E agora está comendo os meus últimos bombóns...

LUCÍA: Ra? Quen dixo que é unha ra? Vese a primeira vista que é a cabeza dun león; o máis bonito que nunca se fixo.

(Lola deixa caer ao chan os anacos de porcelana, que rompe en mil anacos.)

LUCÍA: Ah! Mi madriña! Esnaquizou a cabeza de león do meu querido tío Sexismundo! Deixe que me deite na súa cama deseguida ou caerei mareada!



2 Que tipo de texto liches? Xustifica brevemente a opción escollida.

- Un fragmento dun texto poético.
- Un diálogo entre dous personaxes dunha narración.
- Un fragmento dunha obra de teatro.

3 Cambia as palabras que sexa necesario para converter en verdadeiras estas afirmacións.

- Lola está na súa casa cando soa o teléfono. É a súa irmá Lucía.

- Lucía móstralle a Lola unha figura nova de porcelana.

- Despois de sentar no sofá, Lola acusa a veciña de romper un can de porcelana.

- Lucía pídelle a Lola unha cunca de macela con moi boa educación.

- Por último, Lucía di que os anacos da figura de porcelana eran unha pata de elefante.

4 Que situacións absurdas pasan na lectura? Explica dúas.

5 Escribe dous adxectivos que describan cada personaxe segundo o seu comportamento na escena.

- Lola: _____ e _____
- Lucía: _____ e _____

6 Que oración se debería escribir entre parénteses no texto? Márcaa e explica por que.

- Mirando con cara de enfado. Estás enfadada?

7 Completa os globos coas seguintes palabras.


eh

bah

ai

ei

vaia



8 Le e completa o diálogo escribindo nel as oracións do tipo que se indica entre parénteses.

LUCÍA: Teño que me mudar. Xa non nos imos ver tanto coma agora.

LOLA: (*Interrogativa*) _____

LUCÍA: Non, non me vou moi lonxe...

LOLA: (*Afirmativa*) _____

LUCÍA: Si, ten razón. Por iso, vou trasladarme ao cuarto que hai a carón do seu.

LOLA: (*Negativa*) _____

LUCÍA: Non é preciso que se poña así! Se marchase, seguro que me ía botar en falta.

LOLA: (*Desiderativa*) _____

LUCÍA: Con este carácter que ten vostede, non pode compartir casa. Será mellor que busque outra.

LOLA: (*Exclamativa*) _____

9 Hai palabras polisémicas nas oracións da actividade anterior? Escribe un exemplo.

_____ é un exemplo de palabra polisémica.

► Escribe dúas oracións en que a palabra polisémica que escribiches mostre significados diferentes.

- _____
- _____

10 *Mudarse e trasladarse* teñen o mesmo significado no contexto do diálogo da actividade 8. Busca un sinónimo para estoutras palabras da actividade 8. Se o precisas, utiliza o dicionario.

Cuarto: _____

Carácter: _____

Casa: _____

11 Separa en sílabas as seguintes palabras e indica se teñen algún hiato ou ditongo.

Lucía: _____

axóuxere: _____

preciosa: _____

león: _____

caer: _____

► Clasifica as palabras anteriores no cadro e engade outras palabras para completala.

Agudas	Graves	Esdrúxulas

12 Atopa no texto dous adxectivos nos graos que se indica.

Adxectivos en grao positivo: _____

Adxectivos en grao superlativo: _____

13 Ordena as palabras e forma con elas as oracións correspondentes.

texto fragmento dunha un Este comedia é

comedias divertir o As buscan público

14 Observa o debuxo e inventa unha escena teatral que presente un diálogo absurdo entre unha ra e un león, que son veciños.

